

## *A SORPRESA*

Os homes pensaron noutra cousa para regalarlles. Reuníronse na casa do xefe para pensar que regalarlles, pensaron e pensaron, pero non sabían que facer. Un dos homes foi espiar as mulleres, con tan mala sorte que non descubriu nada. Cando volveu onde estaban os demais, todos parecían contentos. Iso a el parecía lle estraño, pois non conseguira rematar a misión. Segundo ía percorrendo o salón, decatouse de que alí estaban os fillos. Un dos homes contoulle que os fillos ían axudalos. Que mellor que os fillos para saber que era o que lles gustaba. Así que decidiron confiar nos rapaces. Difícil tarefa a de encontrar un regalo que lles gustase a todas. Pasaron un días e por fin souberon que regalarlles: un día onde os homes farían os traballos das mulleres. Cando chegou o día, reuníronas na praza, eles dixéronlles que ese día podían facer o que quixesen, menos ir ás súas casas. Vaia sorpresa!

Yilena Yang - 1º A